

# Guía Fácil

---

Protocolo de prevención  
e actuación fronte ao acoso  
sexual e o acoso por razón  
de sexo, orientación sexual  
e identidade de xénero  
da Universidade de Santiago  
de Compostela

# A que lle chamamos acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual ou por identidade de xénero?

## ACOSO SEXUAL

É todo comportamento verbal, non verbal ou físico, non desexado, de índole sexual, realizado co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

## ACOSO POR RAZÓN DE SEXO

É todo comportamento non desexado realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.











## O ACOSO POR ORIENTACIÓN SEXUAL OU IDENTIDADE DE XÉNERO

É todo comportamento que, en función da orientación sexual ou identidade de xénero dunha persoa, persiga atentar contra a súa dignidade e/ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante, ofensiva ou segregadora.










# Estou sendo vítima de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual ou por identidade de xénero?

## ES VÍTIMA DE ACOSO SEXUAL SE OUTRA PERSOA:

-  Fai chistes, bromas ou observacións sobre cuestións da túa vida privada sexual
-  Invade o teu espazo físico
-  Che di piropos
-  Fai xestos lascivos dirixidos a ti
-  Che fai caricias ou tocamentos non desexados
-  Intenta establecer unha relación sentimental contigo
-  Te suborna para obter favores sexuais a cambio de beneficios laborais ou académicos
-  Te obriga a ter relacións sexuais que non son consentidas
-  Te agride sexualmente con forza física
-  Te ameaza por non cooperar sexualmente

## ES VÍTIMA DE ACOSO POR RAZÓN DE SEXO SE OUTRA PERSOA:

-  Te trata diferente por ser muller ou por ser un home considerado pouco masculino
-  Ignora as túas achegas, comentarios ou accións
-  Ten unha actitude paternalista, que se explica polo teu xénero
-  Te menospreza academicamente por ser muller ou por ser un home considerado pouco masculino
-  Te ridiculiza polo teu xénero
-  Fai xestos ou comentarios despectivos que se explica polo teu xénero
-  Te obriga a asumir tarefas menos visibles ou menos estimulantes



## ES VÍTIMA DE ACOSO POR ORIENTACIÓN SEXUAL OU POR IDENTIDADE DE XÉNERO SE OUTRA PERSOA

- ☹ Fai chistes homófobos
- ☹ Te trata de maneira ofensiva pola túa orientación sexual ou identidade de xénero
- ☹ Che asigna tarefas académicas en base a prexuízos, con menos visibilidade pública
- ☹ Te agride psicoloxicamente ou fisicamente
- ☹ Se nega a nomearte co pronome co que te identificas
- ☹ Non se refire a ti polo teu nome escollido
- ☹ Fai comentarios transfobos ou intérfobos

## Que podoo facer se estou nalgunha das situacións nomeadas anteriormente ou se sei dalgunha persoa que as sufra?



Podes botar man do Protocolo de actuación contra o acoso por cuestión de xénero da USC.

Dende xullo de 2016 a USC dispón deste Protocolo, que busca facer da Universidade un espazo seguro e nace cos obxectivos de:

**INFORMAR, FORMAR E SENSIBILIZAR A TODA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA.**

**ESTABLECER UN PROCEDEMENTO ÁXIL E EFICAZ PARA ACTUAR CON GARANTÍAS NOS CASOS DE ACOSO.**

# A quen protexe este Protocolo e cal é o seu ámbito de actuación?

O protocolo cobre as situacións de acoso que sofre calquera dos seguintes colectivos:



Alumnado



Persoal docente e investigador (PDI)



Persoal investigador en formación



Persoal contratado para o desenvolvemento de actividades de investigación científica ou técnica



Persoal de administración e servizos (PAS)



Calquera persoa que desenvolva o seu traballo no ámbito da USC (sexa autónoma ou por conta allea)



Aplicarase o protocolo cando esas condutas se produzan en calquera centro da USC ou nun espazo físico ou virtual inscrito no seu ámbito organizativo e funcional

---

## Quen pode denunciar?



Pode denunciar a persoa afectada ou a persoa que a representa (con apoderamento de actuación).

Tamén pode denunciar unha terceira persoa que non terá a condición de parte no procedemento.

---

## Como podo poñer unha denuncia?



A denuncia deberá realizarse por escrito e incluíra unha descrición dos feitos denunciados, coa identificación da persoa denunciante e da denunciada.

Presentarase por rexistro, a través da Sede Electrónica da USC ou por calquera dos medios previstos na lexislación reguladora do procedemento administrativo.

## A denuncia garante a confidencialidade e intimidade?



A denuncia garante a confidencialidade e a intimidade das partes.

Toda persoa que teña competencia nas distintas fases do procedemento está obrigada a gardar segredo e protexer os expedientes tramitados.

De igual maneira, toda persoa que teña competencia nas distintas fases do procedemento está obrigada a actuar respectando a dignidade, honor e demais dereitos fundamentais das partes.

---

## Que pasa a partir da presentación da denuncia?

A denuncia farase chegar á Comisión do Protocolo, que nun prazo de sete días valorará os feitos e decidirá se a denuncia se admite como acoso ou non.

---

## Quen forma parte da Comisión?



A Comisión íntegra 5 persoas designadas polo Consello de Goberno, por proposta do reitor ou reitora, pertencentes a PDI, PAS ou alumnado, con coñecementos en materia de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual ou por identidade de xénero.

---

## Que ocorre se a denuncia non é admitida como acoso?



A Comisión pode declarar a inexistencia de acoso pola falta de probas abondas ou porque os feitos non merezan o cualificativo de acoso sexual ou de acoso por razón de sexo, orientación sexual ou identidade de xénero.

Neste caso a devandita declaración da Comisión irá acompañada dunha proposta de arquivo de actuacións remitida ao reitor ou reitora, quen ditará resolución que esgotará a vía administrativa, agás os recursos potestativo ou de reposición.

---

## Se a denuncia é admitida como acoso, como me protexerá o Protocolo?

A Oficina de Igualdade de Xénero e, no seu caso, a Comisión poderán propoñer a adopción de medidas cautelares se estiman que existe un risco grave e inmediato para a integridade física ou psíquica da vítima e tramitaranse de xeito urxente.

## EXEMPLOS DE MEDIDAS CAUTELARES:

TRASLADO TEMPORAL DE POSTO DE TRABAJO.

CAMBIOS DE GRUPO DOCENTE.

MODIFICACIÓN E ADAPTACIÓN DO ENCARGO DOCENTE.

DISPENSA RELATIVA Á ASISTENCIA A CLASE Á PERSOA QUE PRESENTOU UNHA DENUNCIA POR ACOSO "SEMPRE QUE ELA O CONSIDERE MÁIS ADECUADO PARA A SÚA SAÚDE".

## Cales son os pasos e prazos do Protocolo e até onde chega o seu ámbito de actuación?



No caso de declaración de inexistencia de acoso o paso será o arquivo da denuncia, que porá fin ao procedemento.

A declaración de existencia ou inexistencia de acoso é o último paso onde pode chegar o Protocolo: a partir de aquí pónense en marcha os mecanismos propios da Universidade. Coa maior brevidade posible, o reitor ou a reitora tomará a decisión sobre a posible apertura de expediente disciplinario ou a remisión do caso ao Ministerio Fiscal.

No caso de apertura de expediente disciplinario, será tramitado consonte a normativa aplicable en función da condición de estudante, PAS ou PDI da persoa denunciada. De apreciarse a comisión da infracción, rematará coa imposición por resolución reitoral da sanción correspondente.

No caso de remisión do caso ao Ministerio Fiscal, ata o remate do proceso xudicial non poderá tomarse decisión ningunha sobre a apertura dun expediente disciplinario.

## ✓ PASOS E PRAZOS

